



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Escusa asistencia	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/10/2015).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a aprobación do Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 19 de novembro:

“Dáse conta da moción do BNG-AA sobre da aprobación do Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra, na que expón que na actualidade existen tecnoloxías con capacidade de realizar accións, antes reservadas a certas empresas, en particular tecnoloxías capaces de xerar electricidade *in situ* a partir dunha fonte tan renovable como o sol, que ten o potencial de producir un impacto enorme sobre as empresas eléctricas tradicionais.

Os sistemas de produción centralizada en mans de grandes compañías arrastran desvantaxes sistémicas, e en contraste a xeración eléctrica *In –Situ*.



- *Axuda á conservación do medio ambiente ao utilizar fontes de enerxía renovables.
- *Desconxestionan os sistemas de transporte de enerxía.
- *Axuda ao fornecemento de enerxía en períodos de gran demanda.
- *Mellora a fiabilidade do sistema.
- *Mellora a calidade do servizo eléctrico.
- *Evita custos de investimento en transmisión e distribución.

O BNG-AA de Vedra defende que a solución técnica máis axeitada é a tecnoloxía de autoconsumo con balance neto, por considerar que democratiza o sistema eléctrico, posto que fomenta o aforro, a eficiencia e a participación no mesmo de calquera cidadán, aproveitando a infraestrutura existente.

Ante a presión das eléctricas o Goberno do Estado, vén de desmontar esta posibilidade, eliminando a posibilidade do balance neto e o autoconsumo está penalizado, co que a única opción viable será a desconexión total das instalacións do sistema de distribución xeral, pertencente ás transnacionais enerxéticas.

O BNG-AA de Vedra propón a realización dun *Plan Integral de Suficiencia Enerxética para Vedra*, onde aproveitaremos as enerxías creadas nun proceso de desconexión gradual dos inmobles e instalacións municipais da rede xeral de aproveitamento eléctrico, creando de facto o primeiro concello desconectado do Estado, aproveitando para o seu financiamento unha parte do POS e do PAS, realizando a desconexión de xeito gradual, na seguinte orde: Casa do Concello (ano 2015); Casas de Cultura de San Xián, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e Biblioteca de Vedra (ano 2016); Escolas unitarias, Centro Médico de Vedra, Casa da Terceira Idade de Vedra; Local Social de Trobe; Local Social de San Fins; Local Social de Illobre; Casa Reitoral de Ponte Ulla e Casa dos Peóns de Vilanova (ano 2017); Casa do Sindicato de Vedra; CPI de Vedra; Local Social de Merín; Local Social de San Pedro de Sarandón; CEIP de Ortigueira e Piscina Municipal (ano 2018) e Campo Municipal do Coto; Campo Municipal de San Mamede e Pavillón Polideportivo de Vedra (ano 2019).

A desconexión realizarase mediante a implementación dun obradoiro de traballo, na especialidade de electricidade, orientado á formación de traballadores especializados en enerxía solar, que se incluírá no PAS, complementando o valor material da instalación (detráído do Plan POS). Deste xeito non soamente producimos unha instalación, senón que aproveitamos as características tecnolóxicas e de innovación que lle son propias, para formar traballadores en Vedra con coñecementos e capacidade para participar en todas as fases do Plan de Suficiencia Enerxética, desenvolvendo, á par, novas competencias nun sector de futuro.

E por todo iso, o BNG-AA de Vedra solicita o apoio do Pleno para acadar o seguinte acordo:

- 1º.- Aprobar o Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra.
- 2º.- Realizar o aprovisionamento orzamentario necesario, para acometer a anualidade do 2015, reservando os fondos necesarios do POS, e proxectar o Obradoiro de Formación en Instalacións Eléctricas Solares, para incluílo na solicitude de fondos do PAS.
- 3º.- Crear unha comisión de seguimento do Plan coa participación de todos os grupos municipais.
- 4º.- Darlle publicidade á aprobación do Plan Integral de Suficiencia Enerxética de Vedra nos medios públicos, e no Boletín Municipal.



Don Roberto Castro do BNG-AA expón que en definitiva propónse o desenganche das instalacións públicas como exemplo de cara aos veciños cun programa de 4 anos.

A Presidencia expón que non están convencidos e non van votar a favor, se ben está disposto a experimentar con algún edificio municipal, como unha casa cultural, con independencia de que se inclúa ou non nun plan.

O BNG expón que debería comezarse coa Casa do Concello e a Presidencia expón o seu desacordo.

Posta a votación a citada moción rexeitase cos votos do PP, unha abstención do PSdG-PSOE e o voto a favor do BNG, manifestando a Presidencia que non obstante a proposta irá ao próximo pleno.”

O Sr. Pose do BNG manifesta que a parte de ser estraño que a moción se rexeite na Comisión Informativa e se traia a debate igualmente ao Pleno, imaxina que será porque o PP ten a intención de implantar algún sistema de aforro enerxético con paneis solares nalgún edificio municipal.

De seguido expón que como xa indicou na Comisión Informativa o grupo de goberno tería todo o seu apoio se fose aprobado un plan, pero que o feito de facer unha intervención nalgún elemento municipal pódese considerar unha medida “folclórica”, pero un Plan de Suficiencia Enerxética é bastante máis ca unha simple intervención, e que o BNG-AA o que pretendía era algo máis complexo; posto que o plan non ten como función única e exclusivamente o feito en si da produción, é unha denuncia da situación á que nos levou o PP, prohibindo unha excepcionalidade a nivel europeo, o balance neutro, entendendo que neste punto ao equipo de goberno non lle interesa moito entrar en fonduras.

Agora ben -di- a idea fundamental é o balance neutro, posto que temos unhas instalacións que nos abastecen a todos, aínda que as manteña unha empresa, e o feito de servir e poder ser servidos desas instalacións evita que unha parte moi importante das instalacións repercuta noutro tipo de cousas, de tal maneira que democratizaban o uso da enerxía eléctrica.

Sinala tamén que é un camiño que temos que percorrer e seremos nós ou outros os primeiros, pero seguro que se fará; de feito algúns países como Alemaña están moi avanzados neste tema, e incluso hai cidades enteiras que funcionan así, e mesmo ceden instalacións a pequenas comunidades ou propietarios.

Di ademais que o BNG-AA propoñía utilizar estas instalacións para algo máis, para formar unha xeración de traballadores en Vedra, para darlle unha orientación diferente e deixar de facer obradoiros de traballo baseados en formar albaneis e carpinteiros, como levamos facendo dende hai máis de 15 anos, que efectivamente dá réditos políticos, pero a súa intención era crear unha xeración de traballadores adaptados a outros temas, como pode ser a depuración, e ademais que Vedra se convertese nunha referencia de decrecemento, como acontece con concellos periféricos de Madrid e incluso da Coruña, a onde puidesen vir traballadores a formarse, onde exista unha referencia de instalacións.

Para rematar expón que o Plan proposto é a longo prazo, non é algo puntual que se dirime nun ano, é un proceso que dura unha lexislatura; que existen recursos para levalo a cabo, que é viable, e que entraña moito máis ca unhas instalacións, tamén unha formación e unha forma de entender o noso entorno, e entende que dirimir esta discusión sobre a súa viabilidade técnica non ten sentido, entregándolle á Presidencia



unha serie de documentación. Mesmo se ofrece a traer a profesionais que poidan falar do tema, consultalo con técnicos da Facultade de Física con coñecementos amplos da materia, polo que solicita o voto favorable ao entender que é un beneficio para todo o concello.

O Sr. Lema do PP di que lamenta non poder asistir á Comisión Informativa posto que non hai ninguén con máis ganas de desconectarse de Gas Natural Fenosa que el.

A continuación expón que o Plan está cheo de vontade pero que a realidade desafortunadamente é outra de momento, e que non se avala con documentación técnica que poida soportar esta formulación, ou que non presenten o exemplo dalgún concello gobernado polo BNG-AA que teñan implantado un plan deste tipo, que nos puidese demostrar as bondades e beneficios que poida ter.

Di tamén que non dubida que o futuro é ese, pero que agora mesmo o concello non está en condicións, comezando pola casa do concello como propoñen, de facer este tipo de experimentos, entendendo que existe boa vontade e agradecéndolle á Presidencia que o trouxese ao pleno para o seu debate, pero a cuestión é que non existe rigor na formulación.

En canto a que o PP quere facer algo “folclórico” nunha instalación ou edificio do concello, contéstalle que cando se acomete un proxecto soe facerse antes un estudo piloto durante un tempo, e logo, se os resultados son favorables, implántase, e neste aspecto o concello comprométese a facer un estudo nun local municipal ou incluso nunha liña de iluminación pública, que efectivamente supón un gasto importante ao longo do ano, para ver os resultados.

Por último di que polo exposto van votar en contra da moción , porque ademais teñen a responsabilidade do rigor do gasto deste concello.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que ao seu grupo lle parece un plan moi ambicioso e arriscado polos motivos que, parte deles, expuxo o Sr. Lema, querendo deixar constancia que o seu grupo está a favor das enerxías renovables, que ese é o camiño a seguir, e que hai que cambiar a regulación, esperando que ocorra despois do 20 de decembro.

Di tamén que entenden que para poñer en marcha un proxecto deste tipo, primeiro hai que comezar cun proxecto piloto e vendo a pouca experiencia neste tema comezar pola casa do concello parécelle moi pouco rigoroso, polo que non lles queda máis remedio que votar en contra; aínda que coa esperanza e solicitándolle ao equipo de goberno, que efectivamente hai que facer algo neste sentido e experimentalo con máis tranquilidade.

O Sr. Pose di que a primeira vivenda que viu desconectada foi en Viveiro hai vinte anos, polo que experiencia existe dabondo en moitos países, e incluso exemplos temos no concello. En canto ao rigor mencionado tanto polo PP como polo PSdG-PSOE, sinala que é unha cuestión dos enxeñeiros, por iso lle indicou que consultaran con profesionais da Facultade de Física. O que non poden pedirlle ao BNG-AA , que ten dous concelleiros e é a terceira forza política do concello, que lle regale un proxecto.

Sobre de facer un estudo piloto, di que na Comisión Informativa non o entenderon, e cédelle dous documentos que xa colgaron en internet, feitos pola Fundación de Desarrollo Sostenible, que se pode realizar unha dobre instalación, e que o saben perfectamente porque existen veciños de Vedra nesta situación, e seguir



conectados á rede eléctrica pagando o mínimo posible, que tería un custe aproximado de 12.000 euros, e aproveitar os recursos procedentes da Deputación Provincial para os plans POS 2016 e PAS 2015.

Remata a súa intervención sinalando que o discurso do PP lle parece lóxico en política, pero non é certo, o plan está totalmente testado e implantarao outro concello, e cando o PP lle pide que poña un concello como exemplo, saben que non pode, por iso propoñen que sexa o noso o primeiro, posto que se efectivamente estivese implantado noutros xa o terían feito, doéndolle que sexa esa a forma de pensar.

O Sr. Lema do PP agradécelle a presentación da moción, pero polas razóns xa expostas o seu grupo non vai poder apoiala, sobre todo formulada dese xeito, o que si levarán adiante un estudo para ver se é posible, se é factible e se se pode levar a cabo, cun investimento moderado acorde coa situación do concello.

Posta a votación rexeitase con dez votos en contra do PP e do PSdG-PSOE e dous votos a favor do BNG-AA.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a recuperación da xestión pública do servizo de abastecemento de auga.

A citada moción foi rexeitada na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 19 de novembro, quedando polo tanto sobre da mesa para un posterior estudo.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a promoción do leite galego.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezanove de novembro:

“Dáse conta da moción do PP para a promoción do leite galego no noso concello, na que expón que o sector lácteo galego vén sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por una mellora xenética importante, e impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca *Galega 100%* que identifica co seu selo de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade. Esta medida de poñer en valor o noso produto completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais de supermercados, e a maiores teremos unha iniciativa de promoción de envases de brick pequenos de *Galega 100%* para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Dada pola tanto a situación actual do sector leiteiro e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propónselle ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Vedra á campaña de promoción do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas *Galega 100%*



Segundo.- Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de *Galega 100%* entre os consumidores en xeral.

Don Roberto Castro do BNG propón engadir un terceiro punto que diga:

Terceiro.- O concello de Vedra prestará apoio ás reivindicacións xustas e mobilizacións do sector leiteiro galego.

A Presidencia accede á inclusión deste engadido.

Posta a votación a proposta cos tres puntos anteriormente indicados, a Comisión de Asuntos Xerais, por unanimidade dos asistentes, infórmaa favorablemente.”

O Sr. Lema do PP dálle as grazas aos demais grupos por apoiar esta moción que vai defender os intereses dun sector para Galicia fundamental, sobre todo para o agro galego, que os nosos gandeiros poidan ter unhas explotacións rendibles, que xeren riqueza, vai permitir fixar poboación no rural, que o sistema económico do rural está sustentado en todo o tema da produción láctea, e loxicamente esta situación que estamos a vivir que desencadeou todas esas mobilizacións dos gandeiros pola baixada de prezos que tiveron os produtores en orixe, consideramos que os concellos galegos debemos arrimar o ombreiro, apoiar á nosa xente e darlle un pulo ao leite que se produce na nosa Comunidade Autónoma.

Dálle tamén a benvinda á achega do BNG “O Concello de Vedra prestará apoio ás reivindicacións xustas e mobilizacións do sector leiteiro galego”, collendo con el a moción máis forza, e felicitándose pola aprobación para que ese sector continúe tendo un futuro.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo vai apoiar a moción, é do pouco que se pode facer dende o concello, e como consumidores saber o que se come e apostar por eles, que lle consta que ese apoio xa o tiveron durante as mobilizacións por parte da poboación, e que evidentemente as súas reivindicacións teñen que negocialas noutras institucións.

O Sr. Castro do BNG-AA pregúntalle a que se refire o de “Galega 100%”, contestándolle o Sr. Lema que ao leite que se produce en Galicia, sinalando el que en tal caso sería “Galego 100%”

De seguido expón que o que se pide na moción é o apoio a unha propaganda institucional na cal se comeza cunha exposición de motivos errada, pois culpar da crise do sector lácteo galego a unha crise de prezos a nivel mundial e a un descenso do consumo de leite tamén a nivel mundial é totalmente falso; porque a crise deste sector é un problema estrutural que comezou cando nós perdemos a nosa posición no mercado como consecuencia de pagar con isto e outros a peaxe de entrada daquela no Mercado Común Europeo, e que despois de 30 anos de políticas de cotas tampouco se soubo pór remedio.

Esta moción -di- é unha propaganda institucional da Consellería correspondente, que nin sequera se deron conta de que a quen lle solicitan esa adhesión, que é a Consellería do Medio Rural e do Mar, xa non existe, é un pouco dar amparo a unha limpeza de imaxe a catro distribuidoras que tamén teñen parte de culpa dos prezos que impoñen, entre elas Eroski, Carrefour, Gadis e o Corte Inglés; entendendo que o



único salvable da moción é o engadido proposto por eles, o único que non é propaganda, e por este punto van votar a favor.

O Sr. Lema di que as súas opinións son moi respectables pero non teñen máis que dicir.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción, cuxa parte dispositiva di:

Primeiro.- Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Vedra á campaña de promoción do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas *Galega 100%*.

Segundo.- Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de *Galega 100%* entre os consumidores en xeral.

Terceiro.- O concello de Vedra prestará apoio ás reivindicacións xustas e mobilizacións do sector leiteiro galego.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI).

En función do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día 19 de novembro, ao igual que a moción do BNG-AA para que se adapte o valor catastral á desvalorización do mercado producida nos últimos cinco anos e se aprobe a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para acadar unha fiscalidade máis social, retírase da orde do día para un estudo máis detallado das mesmas.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Aos rogos e preguntas do Sr. Lago do PSdG-PSOE a Presidencia contéstalle:

1º.- En canto ao rogo para que tanto os rogos e preguntas como as respostas sexan claras e concisas e deixar os debates para os asuntos incluídos na orde do día, di estar totalmente de acordo, e que pola súa parte, de agora en adiante será así, esperando que os demais fagan o mesmo. Polo que respecta ás preguntas sobre do gasto social, e dado que se falan de matices económicos, e o debate dos orzamentos será no vindeiro pleno do mes de decembro, remítese a ese debate para contestar.

2º.- Sobre da localización da empresa encargada da ITV agrícola, di que durante o verán a empresa encargada púxose en contacto co concello para comunicarlle a adquisición dunha nova plataforma para levar a cabo a inspección e que se debía cambiar a localización posto que a actual, diante do Pavillón Municipal, non cumpría os requisitos de espazo para colocala, xa que debía ter unhas dimensións e características determinadas e ser accesible.

Estudadas, de forma urxente, as posibilidades entendeuse que a máis accesible por espazo e entradas era alí en Castiláns, algo que confirmou a empresa cando viñeron a vela, pero en calquera caso é certo que non é unha localización céntrica e polo tanto no ano 2016 tentárase buscar unha máis céntrica que cumpra cos requisitos esixidos.

3º.- Á pregunta sobre do IBI, ao igual ca formulada polo BNG-AA, di que como hai dúas mocións sobre este imposto e da súa ordenanza reguladora pendentes de informe xurídico, considera máis oportuno contestalas todas no debate das mocións.



--Ás preguntas formulas por dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE a Presidencia contéstalle:

1º.- Ao rogo para que se substitúa unha marquesiña en Cornado, di que ao igual ca outras se fará.

2º.- En canto ao arranxo nunha fochanca no parque biosaudable de Santa Cruz , di que como hai que facer outros pequenos arranxos en relación co regato, que xa se farán conxuntamente, e polo que respecta ao sinal de tráfico tirada na pista que vai a Socastro, foron comprobalo e non saben moi ben onde é.

3º.- Á pregunta sobre do proxecto da obra de ampliación da rede de saneamento en San Fins, di que a contestará no vindeiro pleno porque esqueceuse de comprobar os datos.

--As preguntas do BNG-AA, concretamente do Sr. Castro, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da subvención para drogodependencia, di que existen máis datos obxectivos que impedían acceder a esa subvención, e que en calquera caso é certo que non se consultou con outros concellos, pero tamén que agora mesmo se está a elaborar un ambicioso plan de prevención que esperan comezar no mes de xaneiro.

2º.- En canto á Asesoría Xurídica, contesta que efectivamente a Deputación Provincial conta cunha asesoría xurídica, e en ocasións e casos concretos se poden solicitar informes, e incluso a súa intervención en xuízos. Malia o anterior -di- a maioría dos concellos do noso entorno, e incluso da provincia, semellantes ao noso como O Pino, Brión, Arzúa, ou Teo, teñen a súa propia asesoría por cuestión de eficacia, dado que en moitos concellos existe abundante casuística tanto xudicial como extraxudicial, e no noso caso concreto, expedientes de responsabilidade patrimonial, cuestións urbanísticas, conflitividade administrativa, civil, ..etc que é conveniente atender adecuadamente e que a Deputación pola entidade destes casos e dos doutros concellos non pode atendelos coa puntualidade desexada.

Sinala ademais que no caso de utilizar os servizos da Deputación habería que trasladar cada vez os expedientes e incluso ao Alcalde e técnicos á Deputación para explicar as circunstancias de cada caso e recibir as explicacións, co cal evidentemente non se considera práctico; por iso a maioría dos concellos, e non só Vedra, teñen a súa asesoría particular que complementan coa da Deputación para casos moi concretos ou para determinados informes, que en moitos casos loxicamente non poden emitir coa prontitude que ás veces demandan os concellos, e incluso determinadas cuestións non levan, como as penais, e ademais cando os casos son prolongados no tempo é conveniente que sexa o mesmo letrado o que poida acudir a reunións, ..etc

Para rematar di que outra forma non sería para nada eficaz na resolución de conflitos, e polo tanto cren que o máis eficaz e eficiente é seguir coa asesoría xurídica externa e se a información da que dispón é correcta, o concello de Boqueixón, que puxeron como exemplo na pregunta, para o caso máis importante que tiveron , como foi o despido dos membros do Grumir, contrataron un despacho de Santiago de Compostela.

3º.- Sobre do Plan de Igualdade, di que están a traballar para a avaliación e posterior elaboración do plan con distintos axentes sociais, como o Instituto da Muller, Asociacións de Mulleres pola Igualdade, ..etc, solicitando orientación e asesoramento



para realizar unha boa avaliación e elaborar un plan que non quede no papel, senón que sexa eficaz e que incida na realidade do noso concello, crendo que isto é importante e que estará operativo entre febreiro e marzo do vindeiro ano.

4º.- Á pregunta sobre do IBI, di que a contestará no debate das mocións pendentes.

5º.- En canto á proposta de tanatorio na parroquia de San Fins, contéstalle que a proposta do seu grupo non é facer un velorio en cada parroquia, senón que poida existir un tanatorio que dea cobertura a todo o concello e incluso a parroquias de concellos limítrofes, e dende logo cando exista unha proposta concreta presentárase.

6º.- Polo que respecta á presión fiscal do concello, di que no debate dos orzamentos que terá lugar no vindeiro pleno de decembro, contestará a estas preguntas.

--Ás preguntas do voceiro do BNG-AA, Sr. Pose, a Presidencia contéstalle:

1º.- En canto aos pasos peonís comunícalle que casualmente chamaron estes días para informar que no caso de Santa Cruz ía comezarse coas obras inmediatamente, e no tema das casas de cultura que ten pendente de celebrar a reunión coas distintas asociacións, pero que se convocará en breves datas

2º.- Polo que respecta á modificación do PXOM, di que a súa idea é que na medida do posible e coa nova Lei do solo, que se aprobará en breve, intentarase ampliar os máximos núcleos de poboación posibles a costa evidentemente dos solos urbanizables, que se vai comezar a traballar co estudo de cada núcleo e pescudar en que núcleos existe unha demanda real de ampliación e por suposto hai que facelo xa, posto que coa nova lei ten que ser un obxectivo real que nesta lexislatura estea rematada, querendo deixar constancia en canto ao tema do “pato coxo” que sempre dixo e así saíu publicado na prensa, que un Alcalde debía estar como mínimo dúas lexislaturas e tres como máximo, e que nestes momentos non sabe se se vai presentar nas vindeiras eleccións, pero se o fai e gaña, dende logo sería a última.

3º.- Á pregunta sobre do Plan Especial de Protección do Núcleo Tradicional de Ponte Ulla, contestaraa no vindeiro pleno, ao esquecerse da mesma.

4º.- Sobre dos refuxiados di que nestes momentos xa estamos dentro do chamado “Centro de recursos del sistema nacional de acogida e integración de solicitantes y beneficiarios de protección internacional del Ministerio de Empleo y Seguridad Social” no que se refire a recursos habitacionais, e agora temos que concretar e completar outro tipo de recursos que nos requiren: asistencia xurídica, psicolóxica, de idiomas e de formación, polo que en breve se convocará unha xuntanza para concretar estes recursos, de feito hai persoas que xa chamaron ao concello para ofertarse como voluntarios.

5º.- E en canto á solicitude para dotar de abastecemento de auga ao edificio da Cámara Agraria de Santa Cruz, di que se fará tan pronto sexa posible.

Por último cédelle a palabra ao concelleiro de cultura, don Enrique Vázquez, para que conteste ao rogo presentado polo BNG-AA na Comisión Informativa sobre do Culturgal, sinalando este que a viaxe se está a organizar para o vindeiro 5 de decembro, e que nesta ocasión os técnicos de cultura preguntaron pola posibilidade de colocar un “stand” pero non foi posible; e de cara ás vindeiras edicións sempre que exista interese por parte das asociacións se intentará colocar un para difundir toda a programación cultural de Vedra e os produtos culturais das distintas asociacións do noso concello.



7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que nestes días viron aos traballadores da brigada municipal de obras na Gándara colocando pedras nas beirarrúas, que máis ben parecían as da “guillotina”, menos mal que se deron conta a tempo e retiráronas con acerto, posto que supoñían un alto perigo. Preguntando quen fixo o proxecto, se existe, e de quen foi a idea desas obras, posto que ademais do perigo esteticamente tampouco eran bonitas, e haberá que comprobar se é a persoa idónea para o cargo que desempeña.

Tamén pregunta polas obras da estrada de San Xián, posto que leva tres meses cortada e non están a traballar nela, incluso non hai nin maquinaria. Cal é o problema?

--O Sr. Lago do PSdG-PSOE di que debido á súa inexperiencia no pleno anterior dixo que ao pleno non se viña a facer política, e ante as críticas recibidas, e vendo a definición de política si entende que se vén a facer política, pero que el se refería a campañas políticas e mitins electorais, e deixar os debates para os asuntos concretos, polo que quere rectificar o manifestado ese día e solicitarlle aos demais membros do pleno con experiencia un pouco de apoio.

De seguido formula os seguintes rogos:

1º.- En canto á regulación catastral o equipo de goberno publicou un anuncio na páxina web e no boletín municipal, agradecéndolle o detalle posto que foi unha proposta do seu grupo, pero entende que chega tarde e que debería terse feito antes, porque a regulación catastral comezou o 17/06/2015 e rematou o 30/10/2015 e infórmase aos veciños no mes de novembro, o que lle parece vergoñento xa que o 90% dos veciños xa pagaron e xa foron consultar o tema no concello, rogándolle que avisen dos temas o antes posible. Reitera unha vez máis, que o boletín municipal está para iso, para informar, e non para facer publicidade, que semella que lle doe bastante cando llo dixo no anterior pleno, posto que na portada do boletín do mes de novembro aparece unha foto do Sr. Núñez Feijoo, que lle parece ben que defenda a cultura galega, pero realmente non trouxo nada para Vedra para saír na portada do seu boletín.

2º.- No Consello Escolar do CPI de Vedra presentouse a programación xeral anual, e xa que o representante do concello non asistiu, gustaríalle comentarlle unha serie de obxectivos específicos que un ano máis o CPI volve a reclamarlle ao concello: ampliación do centro; aulas de infantil; biblioteca máis ampla; sala de visitas; despachos, ampliación da zona cuberta para os días de chuvia; adaptación dos baños de educación infantil no edificio antigo; continuidade do pintado das aulas (que se está a facer); a reparacións * externas e pintado das mesmas e a retirada da fosa séptica posto que xa non é un tema estético senón de seguridade e salubridade do colexio, así como a instalación de equipos nas aulas dixitais de 3º e 4º da ESO. Rógalle dende o seu grupo que se teñan en conta estes obxectivos para mellorar as instalacións do colexio.

3º.- Recentemente realizouse unha Asemblea Xeral Extraordinaria na Casa da Terceira Idade de Vedra, e os socios recibiron no seu domicilio unha carta na que se lle informaba que o día 5 de novembro ás 20:00 horas se ía levar a cabo a elección de nova directiva, e que ata o día 4 se podían presentar candidaturas, pero moitos deses socios recibiron esa carta o día 3, que está asinada con data 20 de outubro, entendendo que non



se fixo con mala intención e que non existen intereses por detrás, pero volve a reiterar que se informe aos veciños con tempo suficiente e de forma correcta.

--Don José A. Pose do BNG-AA pregunta:

1º.- Con respecto ao contrato co Sr. Roibás o ano pasado solicitou copia do mesmo actualizado, e o último era do ano 2012, e revisando as xuntas de goberno non atopou a súa revisión; polo que pregunta se existe ou non a actualización, posto que senón é así levaría dous anos sendo avogado do concello sen contrato, deixando a un lado o que o grupo municipal do PP, cando estaba na oposición, publicaba no seu boletín sobre deste tema.

2º.- Sobre da obra que está a facer a brigada de obras na Gándara, pregunta se existe proxecto para a mesma, e se é así porque despois retiraron as pedras e quen vai a pagar a man de obra de colocalas e retiralas.

3º.- Parece ser que o concello ten algún problema co servizo de telefonía, tendo o seu apoio absoluto, e ofrecéndose se fose necesario para facer de xeito colectivo e publicitar unha nota de prensa sobre deste tema, xa que se ben é certo que o sufrimento que padecemos de xeito individual por esta compañía é da forma na que nos trata, cando se trata dun ben colectivo, que ademais está mingando o cumprimento de acordos plenarios, a cousa sáese de sitio.

3º.- En canto ao tema dos refuxiados, recórdalle que existe un texto de Amnistía Internacional e propón que se recolla na declaración de intencións aprobada por este pleno as solicitudes propostas nel, posto que se existe a nivel internacional unha institución que mereza respecto é esa.

-Don Roberto Castro do BNG-AA pregunta:

1º.- Reitera ou dá por non contestada a pregunta formulada no pleno anterior relativa á regularización catastral, entende que se está a confundir a súa pregunta e inténtase meter nesa amasada do IBI e nesas mocións pendentes de debate.

Di que as preguntas eran moi concretas sobre ese procedemento que comezou o 17/06/2014: cando se decatou o concello de que existía, cando formularon eles a pregunta ou antes?. Que concellería era competente nesa materia nese momento? Dan por feito que non lle convén contestar.

2º.- O equipo de goberno ten prevista a contratación dalgunha persoa para desenvolver funcións na Casa das Artes de Vedra -A Chousa do Cotiño? E para o arquivo municipal?

3º.- No referente ás xa reiteradas obras de feita e desfeita na Gándara -San Fins, ese espazo é de titularidade municipal ou do Ministerio de Fomento?

4º.- Se non se vai dar conta no pleno do informe sobre da situación do litixio que o concello mantén con Viaqua SAU, interesáballes coñecer se entende que durante todo o seu mandato o concello incumpriu o contrato coa empresa Aquagest, agora Viaqua SAU, e se a negociación e hipotético acordo no litixio sería máis factible facendo do procedemento de adxudicación do saneamento un traxe á medida deste?

5º.- Por que o departamento de urbanismo emite parte dos seus documentos en castelán?

6º.- No referente ao plan de drogas que dixo se ía a poñer en marcha de cara ao vindeiro ano, con que se vai sufragar? Con recursos propios ou alleos?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.